

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 625/2010, DO 27 DE AGOSTO .**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 512/2010, do 2 de xullo, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servizo determinado”, de 3 prazas de peóns e de 1 oficial( albanel) para integrar o servizo de traballos na rede viaria deste Concello e con unha duración de 6 meses contados dende a data de sinatura do contrato.

Vista a presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Carballo para solicitar candidatos desempregados a esta prazas , tal e como marca a Orde de subvención dos Programas de Cooperación 2010.

Mediante resolución de Alcaldía nº 604/2010 do 20 de agosto procedeuse a aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos para o procedemento de selección antes citado.

Con data de 24 de agosto de 2.010, ás 13:00 reuniuse o tribunal de selección co obxecto de valorar as probas prácticas e os méritos achegados polos aspirantes de conformidade co previsto nas bases de selección de todo o cal extendeuse a oportuna acta polo Secretario do Tribunal.

Como resultado da valoración das citadas probas e méritos, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acordou propoñer adxudicar das 4 prazas a D. Manuel Lema García para a praza de oficial ( albanel) e a D. Maximino Amarelle Suárez, Juan Jacobo Pastoriza Fondo e a Jesús Rodriguez Fariña para as prazas de peóns de Rede Viaria.

Visto que segundo a base décima punto 1 os aspirantes propostos tiñan que presentar nun prazo máximo de 3 días hábiles contados a partir da publicación no taboleiro de anuncios do concello a documentación sinalada na citada base.

Vista a documentación presentada por cada un dos aspirantes propostos para a selección, pola presente e tendo en conta as competencias que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear para as catro prazas ( 1 oficial e 3 peóns) de Rede Viaria, a través dos Programas de Cooperación 2010 aos seguintes aspirantes:

- D. Manuel Lema García, D.N.I nº 32.414.850-F, como oficial ( albanel)
- D. Maximino Amarelle Suárez ; D.N.I nº 32.432.183-K, como peón.
- D. Juan Jacobo Pastoriza Fondo , D.N.I nº 47.368.249-W, como peón.
- D. Jesús Rodriguez Fariña , D.N.I nº 76.311.566-G, como peón.

**SEGUNDO:** Procedase á formalización do correspondente contrato laboral, así como a realizar os restantes trámites necesarios ante a Seguridade Social, que resulten necesarios de conformidade coa normativa vixente.

**TERCEIRO:** Dar traslado da presente aos servizos de Tesourería do Concello.

Mándaos e asínaos o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 27 de agosto de dous mil dez, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo.